

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: litosfera, inversión térmica, landa, ecoturismo, plan xeral de ordenación urbana (PXOU), enerxías renovables (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).


1.- Defina, en un máximo de cinco líneas, únicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: litosfera, inversión térmica, landa, ecoturismo, plan general de ordenación urbana (PGOU), energías renovables (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- A que Comunidades Autónomas pertencen as provincias cunha porcentaxe >12% de poboación activa na agricultura (inclúe gandería, silvicultura e pesca)? (1 punto).
- Identifique o tipo de documento e expoña brevemente tres características demográficas e laborais desta poboación activa (1 punto).
- Comente as causas xerais das diferenzas entre provincias (1 punto).
- Explique as consecuencias derivadas desas diferenzas e algunha posible solución de futuro (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- ¿A qué Comunidades Autónomas pertenecen las provincias con un porcentaje >12% de población activa en la agricultura (incluye ganadería, silvicultura y pesca)? (1 punto).
- Identifique el tipo de documento y exponga brevemente tres características demográficas y laborales de esta población activa (1 punto).
- Comente las causas generales de las diferencias entre provincias (1 punto).
- Explique las consecuencias derivadas de esas diferencias y alguna posible solución de futuro (1 punto).



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Problemática dos recursos hídricos en España e posibles solucións”. a) Os transvases. b) A desalinización. c) A recuperación de acuíferos. d) O saneamento dos ríos.

3.- Desarrolle el tema a partir de los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Problemática de los recursos hídricos en España y posibles soluciones”. a) Los trasvases. b) La desalinización. c) La recuperación de acuíferos. d) El saneamiento de los ríos.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, únicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, umbria, vexetación antrópica, enerxías renovables, difusión industrial, economía somerxida (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, únicamente catro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: tectónica de placas, umbria, vegetación antrópica, energías renovables, difusión industrial, economía sumergida (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Relacione cada número co nome da illa que aparece no documento 1 (1 punto).
- Analice os tipos de documentos e identifique a rexión bioxeográfica á que pertence a imaxe do documento 2 (1 punto).
- Comente os elementos da paisaxe natural que aparecen no documento 2 (1 punto).
- Explique como inflúen os condicionantes físicos no desenvolvemento da vexetación típica desta rexión (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Relacione cada número con el nombre de la isla que aparece en el documento 1 (1 punto).
- Analice los tipos de documentos e identifique la región biogeográfica a la que pertenece la imagen del documento 2 (1 punto).
- Comente los elementos del paisaje natural que aparecen en el documento 2 (1 punto).
- Explique cómo influyen los condicionantes físicos en el desarrollo de la vegetación típica de esta región (1 punto).



Documento 1



Documento 2 Fuente: D. Vázquez <http://www.panoramio.com/>

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos):
Tema “Mobilidade espacial da poboación”. a) O éxodo rural. b) A inmigración.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos):
Tema “Movilidad espacial de la población”. a) El éxodo rural. b) La inmigración.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: cunca fluvial, landa, aluvión, cualificación do solo, agricultura ecolóxica, ecoturismo (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco líneas, cuatro de los siguientes términos geográficos, indicando algún ejemplo en relación con España o Galicia: cuenca fluvial, landa, aluvión, calificación del suelo, agricultura ecológica, ecoturismo (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por término bien definido).

2.- Tendo en conta o documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Nomee seis comunidades autónomas polas que pasa o AVE segundo o documento(1 punto).

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

- Identifique a figura e enumere as características da rede de transporte por estrada (1 punto).
- Cite as zonas con menor densidade de autoestradas e autovías, e argumente os factores que motivan dita situación (1 punto).
- Indique as consecuencias económicas e medioambientais que producen os medios de transporte representados no litoral mediterráneo (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Nombre seis comunidades autónomas por las que pasa el AVE según el documento (1 punto).

b) Comente el documento atendiendo a las siguientes cuestiones:

- Identifique la figura y enumere las características de la red de transporte por carretera (1 punto).
- Cite las zonas con menor densidad de autopistas y autovías, y argumente los factores que motivan dicha situación (1 punto).
- Indique las consecuencias económicas y medioambientales que producen los medios de transporte representados en el litoral mediterráneo (1 punto).



FONTE: SANTILLANA

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España”. a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).

3.- Desarrolle el tema a partir de los siguientes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Factores geográficos y termodinámicos que influyen en el clima de España”. a) Factores geográficos: latitud, situación, influencia del mar, relieve. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) y en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes).

OPCIÓN B

XEOGRAFÍA

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: maquis, ría, tectónica de placas, plan xeral de ordenación urbana (PXOU), enerxías renovables, economía somerxida (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

1.- Defina, en un máximo de cinco liñas, catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: maquis, ría, tectónica de placas, plan xeral de ordenación urbana (PXOU), enerxías renovables, economía somerxida (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

2.- Tendo en conta o documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Nomee cinco provincias nas que o número de incendios de tamaño maior ou igual a 1 hectárea sexa superior aos de menos de 1 hectárea (1 punto).
- Identifique o tipo de documento e indique as causas dos incendios. (1 punto).
- Explique as razóns dos valores que afectan a Galicia (1 punto).
- Expoña as consecuencias económicas e no medio natural dos incendios (1 punto).

2.-Atendiendo al documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Nombre cinco provincias en las que el número de incendios de tamaño mayor o igual a 1 hectárea sea superior a los de menos de 1 hectárea (1 punto).
- Identifique el tipo de documento e indique las causas de los incendios (1 punto).
- Explique las razones de los valores que afectan a Galicia (1 punto).
- Exponga las consecuencias económicas y en el medio natural de los incendios (1 punto).



3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Movimentos naturais da poboación”. a) Natalidade, mortalidade e fecundidade no réxime demográfico actual. b) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.

3.- Desarrolle el tema a partir del siguiente guión (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Movimientos naturales de la población”. a) Natalidad, mortalidad y fecundidad en el régimen demográfico actual. b) Desequilibrios territoriales en el movimiento natural de la población.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: litosfera, inversión térmica, landa, ecoturismo, plan xeral de ordenación urbana (PXOU), enerxías renovables (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Litosfera.- É un conxunto máis ou menos ríxido, fragmentado en diversas placas, que forma a superficie sólida do planeta e descansa sobre unha capa plástica, a astenosfera. A litosfera está formada pola codia e unha parte do manto superior terrestre.

Inversión térmica.- Incremento da temperatura do ar ao aumentar a altura, cando debiera diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O ar máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con ar en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal.

Landa.- Formación vexetal de matogueira, característica da rexión eurosiberiana e como consecuencia da degradación do bosque mixto atlántico. Está formada por matogueiras como a xesta, o toxo e o breixo, podendo acadar os 3 m de altura. É característica da España húmida, asentándose sobre solos pobres e pouco aptos para o cultivo.

Ecoturismo.- Chamamos ecoturismo a unha tendencia do turismo alternativo, diferente ao turismo tradicional. Nestas actividades turísticas privilexiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o medio e a comunidade local, e mantendo sempre un respecto ético polas leis laborais e os dereitos humanos dos traballadores implicados.

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU).- Instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Adoita ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Enerxías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos): a) A que Comunidades Autónomas pertencen as provincias cunha porcentaxe >12% de poboación activa na agricultura (inclúe gandería, silvicultura e pesca)? (1 punto).

As comunidades autónomas ás que pertencen as provincias cunha porcentaxe de máis do 12% de poboación activa na agricultura son Galicia, Castela e León, Castela-A Mancha e Andalucía.

b) Identifique o tipo de documento e expoña brevemente tres características demográficas e laborais desta poboación activa (1 punto).

O documento é un **mapa** que representa España, coa zona peninsular e os arquipélagos canario e balear. Presenta unha escala gráfica e unha lenda; a **fonte** deste documento é o INE (EPA, Enquisa de Poboación Activa, do ano 2008). É un **mapa de coropletas ou corocromático**, sobre a división administrativa aparecen en cores as diferentes porcentaxes de poboación activa na agricultura.

As características demográficas e laborais da poboación agraria representada son:

- poboación **avellentada**;
- con **baixas taxas de natalidade e altas de mortalidade**;
- **baixo crecemento vexetativo**;
- elevada importancia do **emprego feminino** con diferenzas segundo CCAA;
- forte **éxodo rural** na segunda metade do século XX e **procesos de inmigración** en tempos recentes;
- son unha **minoría da poboación activa** xa en todas as provincias;

Criterios de Avaliación / Corrección

- alternan situacións de **explotación en propiedade con arrendamento**, dándose unha case desaparición da parceria;
- en xeral, é unha **poboación de escasa cualificación técnica**.

c) Comente as causas xerais das diferenzas entre provincias (1 punto).

Hai sensibles diferenzas entre provincias, derivadas do **desigual proceso de desagrarización**. Naqueles territorios onde hai **escasa industrialización**, sobre todo no interior peninsular, a poboación activa agraria representa unha maior porcentaxe. En **áreas urbanas e industriais de gran desenvolvemento** como Madrid, País Vasco, Cataluña litoral, Comunidade Valenciana e os dous arquipélagos, as taxas son inferiores ao 8% da poboación activa. Son estas as áreas máis afectadas pola política industrial do "**desarrollismo**".

A desagrarización prodúcese en gran medida debido á **mecanización das tarefas agrícolas**. O crecemento do parque de maquinaria agrícola non deixou de incrementarse ao longo da última metade do século XX.

A **capacidade de innovación** amosada por agricultores de certas áreas de alta produtividade (horta almeriense, onubense, murciana...) permite obter produtos de máis calidade, capaces de competir vantaxosamente nos mercados; isto explica as maiores taxas de poboación activa das provincias citadas.

O **régime de propiedade** pode condicionar a taxa de poboación activa agraria. Hai diferentes consecuencias: en provincias de predominio latifundista como Xaén e noutras de predominio hortícola minifundista como Almería, dentro da mesma comunidade autónoma, ostentan altas taxas de actividade.

Outros **condicionantes son de tipo físico**: a **dispoñibilidade de terreos de cultivo** -tan importante na Andalucía interior, Estremadura e Castela-A Mancha, xunto con terras de Aragón e Cataluña interior- facilita que algunhas das provincias destas áreas sexan as de maior especialización agraria; isto implica unha maior taxa de activos agrarios.

A **PAC (Política Agraria Común)** potenciou diferentes tipos de agricultura, que afectou sobre todo á España mediterránea. Alí é onde subsisten as maiores explotacións cerealísticas e a horticoltura mediterránea.

d) Explique as consecuencias derivadas desas diferenzas e algunha posible solución de futuro (1 punto).

As consecuencias derivadas da escasa poboación activa agraria poden ser:

- o **despoboamento das áreas rurais** e certo **abandono da paisaxe agraria**;
- **incremento dos riscos ambientais**; por exemplo, a posibilidade de incremento dos incendios forestais, control dos leitos fluviais, etc.
- **perda de autonomía alimentaria** por parte do país;
- risco de **perda da diversidade cultural** propia das diferentes paisaxes, como consecuencia da uniformización dos monocultivos agrarios.

Canto ás posibles solucións do sector cabe mencionar:

- a **necesidade de maiores investimentos** para mellorar a situación económica da poboación agraria (sobre todo a través do financiamento público);
- a obriga de **maior capacitación agraria da poboación** para facilitar o incremento dos seus recursos económicos;
- a **potenciación doutras actividades económicas** que contribúan globalmente a un **desenvolvemento rural sostible**;
- o fomento da **agricultura ecolóxica e producións con denominación de orixe**.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema "Problemática dos recursos hídricos en España e posibles solucións".

a) Os transvases. b) A desalinización. c) A recuperación de acuíferos. d) O saneamento dos ríos.

España é un territorio onde a auga é escasa e está desigualmente repartida. Podemos considerar España como unha área xeográfica árida porque as precipitacións unicamente superan os 1000 mm anuais nos lugares de clima propiamente oceánico, onde chegan os efectos das borrascas atlánticas, e nalgúns zonas de montaña. Nas terras de clima interior e mediterráneo as chuvias son escasas e irregulares, con veráns secos, e con intensa evaporación. Do elevado grao de aridez de boa parte das terras de España dérivase a escaseza dos seus recursos hídricos.

Criterios de Avaliación / Corrección

As confederacións hidrográficas son entidades adscritas ao Ministerio de Medio Ambiente que teñen como función xestionar os recursos hídricos do territorio que se lles asignou. Os recursos hídricos son importantes nas confederacións do Norte, Douro, Texo e Ebro. Pola contra manteñen un precario equilibrio as do Guadiana, Xúcar, Pireneo Oriental e Canarias e son claramente deficitarias as confederacións do Guadalquivir, Sur, Segura e Baleares. Por iso, as políticas hídricas están orientadas á obtención de auga. Cabe diferenciar entre a política de transvasamentos, a desalinización da auga do mar, a recuperación dos acuíferos e os plans de saneamento dos ríos.

As políticas de transvasamentos

A desigual distribución dos recursos hídricos presentou a posibilidade dunha política de transvasamentos, ao derivar auga dun río a outro. De feito o abastecemento de cidades como Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia, Murcia, Alacante, Sevilla ou Cádiz depende de pequenos transvasamentos de augas e de complexos sistemas de distribución.

Para levar a cabo grandes transvasamentos son necesarias obras que, en ocasións, atopan unha forte oposición. De feito, dos proxectos existentes, unicamente se cumpriu a primeira fase do transvasamento Texo-Segura. A condución de auga a gran distancia require custosos traballos de enxeñaría e de bombeo, e pódese perder auga por evaporación.

Doutra banda, a cesión de caudais dun río a outro pode producir cambios nos acuíferos, limitacións para ampliar o uso da auga nas cuncas fluviais de orixe, e tamén producir cambios na chegada de sedimentos.

A desalinización da auga do mar

Na actualidade, búscase satisfacer a demanda de auga das áreas deficitarias coa instalación de plantas desalgadoras. Esta solución resulta custosa e o seu funcionamento consume moita enerxía. No entanto, a técnica para desalgar a auga do mar está a realizar numerosos progresos para abaratar os seus custos e mais o seu consumo de enerxía, e a auga que se obtén é de boa calidade. En España funcionan plantas desalgadoras nas illas Canarias e Almería, e estanse a construír novas instalacións ao longo da costa mediterránea.

A recuperación dos acuíferos

As augas subterráneas, cuxa renovación pode representar decenas de milleiros de anos, explótanse a partir da perforación de pozos e o bombeo de auga. Este aproveitamento foi moi intenso nas terras mediterráneas, para regar as hortas, e tamén para aquelas terras que non contan con outro recurso hídrico, como o Campo de Níjar, áreas do Maestrazgo e algúns lugares da Mancha. A extracción de auga dos acuíferos non soamente fixo diminuír o seu nivel, senón que tamén provocou o desecamento total ou parcial de áreas lacustres e palustres.

Nas áreas litorais, o risco máis grave é a salinización da auga dos acuíferos. Para poder extraer auga doce, as perforacións alcanzaron ás veces os 600 m de profundidade. A falta de presión da auga doce rompe o equilibrio entre a presión que exerce esta e a auga do mar, que penetra nos acuíferos e provoca a salinización dos solos de cultivo e a perda da súa fertilidade. Esta auga non é apta para algúns usos industriais nin para o consumo.

A crecente urbanización da costa mediterránea e a agricultura e mais a gandaría intensiva favoreceron a filtración das augas residuais, xurros e produtos químicos que corromperon a calidade de moitas augas subterráneas. Para resolver estes problemas actualmente propónse inxectar auga para recargar algúns acuíferos e proceder á depuración das augas que conteñen.

Os plans de saneamento dos ríos

En España aplícanse plans de saneamento dos ríos coa finalidade de reducir a progresiva deterioración da calidade das súas augas e acadar un bo estado ecolóxico, o que significa que os seus leitos van poder ter a capacidade de xerar vida.

Estes plans supoñen un maior control sobre as verteduras industriais e urbanas, así como a instalación de colectores e plantas depuradoras de auga, para converter algúns ríos cloaca en ríos de augas limpas. Un dos obxectivos do Plan Nacional de Calidade das Augas 2007-2015 é a restauración dos ríos españois co fin de devolver ao seu estado natural ríos, corgos, regueiros e brañais. Algunhas das metas principais que fixaba o Plan eran:

- Garantir a calidade da auga distribuída en consonancia coas normas europeas.
- Previr, reducir e tratar a produción de refugallos e os seus efectos nocivos.
- Garantir un nivel elevado de protección das augas e promover a súa utilización sustentable.
- Recuperar o valor ecolóxico e cultural dos ríos, posibilitando que as xeracións futuras poidan gozar da riqueza do medio fluvial.

Criterios de Avaliación / Corrección

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: tectónica de placas, umbría, vexetación antrópica, enerxías renovables, difusión industrial, economía somerxida (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Tectónica de placas.- Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

Umbría.- É unha zona que, pola súa orientación, está sempre en sombra. Nas montañas é a vertente do val exposta á sombra e oposta á solana. As súas temperaturas máis baixas adoitan traducirse en diferenzas de vexetación, sendo os bosques máis amplos. En España é a orientada ao norte.

Vexetación antrópica.- Vexetación introducida polo home nun espazo determinado da biosfera polo seu valor económico ou pola degradación da cuberta vexetal existente. Tamén se denomina secundaria. Un exemplo sería a repoboación de piñeiros e eucaliptos na paisaxe vexetal de clima oceánico.

Enerxías renovables.- Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

Difusión industrial.- Tendencia de localización industrial actual; refírese ao proceso de mobilidade de parte da industria cara a espazos periféricos -moitas veces contornas rurais onde o solo é máis barato- das grandes áreas urbano-industriais conxestionadas, coas que segue a manter un forte atractivo.

Economía somerxida.- Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e ás leis e normativas laborais.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Relacione cada número co nome da illa que aparece no documento 1 (1 punto).

As illas do arquipélago canario citadas son:

- 1.- A Palma
- 2.- Gomera
- 3.- Hierro
- 4.- Fuerteventura
- 5.- Lanzarote

b) Analice os tipos de documentos e identifique a rexión bioxeográfica á que pertence a imaxe do documento 2 (1 punto).

O documento 1 é un **mapa** mudo do arquipélago canario. O documento 2 é unha **fotografía panorámica** que presenta unha paisaxe correspondente á **rexión macaronésica**.

c) Comente os elementos da paisaxe natural que aparecen no documento 2 (1 punto).

En primeiro termo da imaxe atopamos unha **vexetación xerófila de matogueira** (o faial-brezaal canario, mesturado con tabaibas e cardóns), á beira de **palmeiras** e un endemismo característico como é o **drago**.

No último plano observamos un **pico volcánico**, na súa meirande parte espido de vexetación. Non obstante, nestas áreas é característico o **escalonamento da vexetación en pisos** (basal, montano, subalpino, alpino e nival).

O relevo montañoso, espido de vexetación, culminaría a máis de 3000 m de altitude en puntos como o Teide, habitualmente cuberto de neve. Porén, na imaxe -probablemente de primavera ou verán-, esta cuberta de neve permanente non se observa.

d) Explique como inflúen os condicionantes físicos no desenvolvemento da vexetación típica desta rexión (1 punto).

Os condicionantes físicos que inflúen no desenvolvemento desta paisaxe vexetal son:

Criterios de Avaliación / Corrección

- A **situación xeográfica** da área na **rexión subtropical**, nun **arquipélago illado**, no Océano Atlántico, moi **próximo á beira occidental de África**. Esta situación favorece a presenza de **endemismos** e **reliquias** propias da rexión (ex.: o drago).
- O **relevo, fortemente contrastado**, de **orixe volcánica**, que descende cara ao mar en fortes pendentes. Isto provoca un **escalonamento en pisos da vexetación**.
- O **clima**, de carácter **subtropical**, está sometido habitualmente á influencia do **anticiclón das Azores**, aos **ventos alisios do NE** e aos **secos ventos saharianos**. As consecuencias son que: 1) na área setentrional, a influencia dos alisios achega maior humidade; 2) na área meridional a sequidade é maior. A paisaxe presenta entón unha **gran diversidade**, alternando a **laurisilva húmida** no Norte e a **vexetación xerófito** nas áreas máis secas do Sur.
- Os **solos, volcánicos**, alí onde son máis profundos permiten o crecemento máis exuberante da vexetación. Onde a humidade escasea, o resultado son **solos subdesérticos** moi pouco aptos para o crecemento da mesma.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Mobilidade espacial da poboación”. a) O éxodo rural. b) A inmigración.

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio. As razóns que moven ás persoas para desprazarse poden ser moi diversas. Por iso, alúdese a un contexto económico-social. En xeral, estase de acordo en que existe unha motivación económica: a procura dun emprego noutro lugar, que permita mellorar a situación económica e, en consecuencia, as condicións de calidade de vida e benestar social. Ademais, cada etapa presenta as súas propias características en canto a condicións sociais, económicas ou políticas que inflúen no proceso.

Os **movementos migratorios españois** adoitan clasificarse en **migracións transoceánicas históricas**, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e **migracións modernas**, desde finais da década de 1950, que presentaron unha dobre vertente: as **migracións interiores campo-cidade** e as **migracións exteriores**, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental; debemos tamén definir os movementos habituais e periódicos, motivados polo traballo, ocio, de un ou varios días de duración. Os ligados ao traballo chámanse movementos pendulares.

Migracións interiores

O éxodo rural: de 1900 a 1975

No **primeiro terzo do século XX** rexistráronse fortes correntes migratorias desde as **zonas rurais ás cidades impulsadas polas novas actividades industriais e de servizos das áreas urbanas**. Estes movementos **interrompéronse durante a guerra civil e a inmediata posguerra, para rexurdir con moita máis forza nos anos cincuenta, e sobre todo, nos sesenta e primeira metade dos setenta**.

Nesta época, a **economía española experimentaba un elevado ritmo de crecemento**, apoiado na **industrialización e o turismo**, que estimularon a construción de vivendas e infraestruturas, así como os servizos ás empresas e á poboación. Ao mesmo tempo, produciuse a **mecanización de gran parte das tarefas agrarias**, o que provocou un **éxodo masivo de poboación no medio rural**.

Só nos anos sesenta do século XX cambiaron de residencia 4,2 millóns de españois, o 60% dos cales se trasladaron a outras provincias. Na distribución espacial destas migracións interiores cabe distinguir os seguintes espazos de orixe e destino:

- Os **espazos emisores eran as áreas rurais do interior peninsular, ou espazos con sistemas agrarios en crise: Andalucía, Estremadura, as dúas Castelas, Aragón, Asturias, Galicia, etc.**
- Os **espazos receptores foron Madrid, Cataluña e o País Vasco, que se atopaban en pleno proceso de industrialización**. A chegada de inmigrantes provocou o crecemento das grandes áreas urbanas, como Madrid, Barcelona, Bilbao, Valencia, Zaragoza e Sevilla. Tamén creceron cidades máis pequenas, como Tarragona, Valladolid, Vigo, Avilés ou Huelva, e as principais áreas turísticas do país.

Novas pautas das migracións interiores: de 1975 á actualidade

As migracións interiores masivas de carácter laboral finalizan bruscamente a mediados dos anos setenta do século XX, como consecuencia da crise económica que se produciu a causa da alza do prezo do petróleo. Desta maneira, entre 1975 e 1985 debilitáronse os fluxos migratorios interprovinciais. Continúan, con menor intensidade,

Criterios de Avaliación / Corrección

os movementos de poboación nova desde o medio rural ata as cidades, ao tempo que se inician os **movementos de retorno de emigrantes en sentido oposto**.

Coa recuperación económica de mediados dos anos oitenta do século pasado, os fluxos reactiváanse; aínda que sen alcanzar a intensidade dos tempos do éxodo rural nin os niveis doutros países europeos. Destaca un **modelo migratorio novo, en que as migracións interprovinciais (económicas e motivadas por cambios de emprego) perden importancia a prol das migracións intraprovinciais**, orixinadas por cambios no lugar de residencia, pero non necesariamente de emprego.

Na actualidade, a maior parte dos fluxos migratorios son de curta distancia, e están ligados á expansión urbana. O crecemento das principais cidades desborda os termos municipais e trasládase aos municipios veciños. Ese cinto de municipios próximos ás grandes cidades é o que experimenta un maior crecemento demográfico, debido sobre todo á inmigración de poboación nova. Este proceso é posible a causa da confluencia dun conxunto de factores técnicos (a mellora das infraestruturas de transporte arredor das cidades), económicas (a carestía do solo e a vivenda incita os mozos a buscar vivendas máis baratas nos arredores das cidades) e culturais e ambientais (moitos mozos buscan novos estilos de vida máis ligados á natureza, fuxindo da deterioración medioambiental das áreas urbanas).

O baleirado do medio rural non só é debido á emigración, senón tamén ao seu crecemento natural negativo, consecuencia do seu avellentamento.

A inmigración

A partir dos últimos decenios do século XX iniciouse unha nova etapa nas migracións. **O desenvolvemento económico transformou España dun país tradicionalmente emigrante a un país receptor de inmigración.**

De país de emigración a país de inmigración: os novos fluxos migratorios

Tras a entrada de España na Unión Europea e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da poboación total. A finais da primeira década do século XXI, esta cifra supera xa os 5,2 millóns, representando o 11,3% da súa poboación; se ben esta cifra tende a reducirse nos últimos anos por mor da crise económica desde 2007.

A conxunción dun descenso da emigración e un aumento sen precedentes da inmigración exterior propiciou que **o saldo migratorio en España sexa claramente positivo** desde os anos oitenta do século pasado **ata o ano 2011** -momento en que a tendencia, por mor da crise económica, se volve inverter.

Canto á inmigración estranxeira en España podemos distinguir **dúas fases** en que non só se produciu un cambio substancial no número de estranxeiros presentes no país, senón tamén na súa composición.

Durante a **primeira fase (nos anos oitenta do século pasado)**, a maior parte dos estranxeiros residentes en España procedían de occidente, o centro e o norte de Europa. Este continxente respondía basicamente a dúas motivacións:

- **Numerosos xubilados europeos elixiron España para retirárense e poder gozar do seu clima e estilo de vida. Estes cidadáns concentráronse na costa mediterránea da Península e nos arquipélagos de Baleares e Canarias, onde seguen representando unha porcentaxe elevada das súas poboacións.**

- Outro grupo importante foi o dos **traballadores das multinacionais europeas que se foron asentando especialmente en Madrid e Barcelona.**

- Ademais, existía unha **colonia crecente de marroquís** que comezaron a acudir a España durante esa época na busca de traballo.

Nunha **segunda fase**, durante a **década de 1990 e os primeiros anos do noso século**, **chegaron ao noso país numerosos cidadáns de Europa do Leste, así como latinoamericanos e asiáticos, á vez que continuaba o fluxo de norteafricanos.**

A maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquís; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses.

Distribución espacial e actividade de poboación inmigrante

Criterios de Avaliación / Corrección

Os estranxeiros concéntranse nas áreas máis dinámicas do territorio español, é dicir, onde hai máis oportunidades de emprego. Destacan especialmente **Madrid**, xunto co **litoral mediterráneo e as illas**. Non obstante, os inmigrantes chegaron a practicamente todos os recantos do territorio, se ben a maior parte se concentra nas grandes cidades.

Tamén existe un **importante número de estranxeiros, sobre todo africanos, en áreas rurais con agricultura intensiva**. Polo tanto, a súa localización espacial está moi relacionada co tipo de traballo que desempeñan.

En xeral, **os inmigrantes ocupan postos de traballo que non eran cubertos pola poboación española**, polo que non hai propiamente unha situación de competencia coa poboación autóctona.

O tipo de traballo está relacionado en gran medida coa nacionalidade: os cidadáns do centro e o oeste de Europa ocupan empregos ben remunerados e localízanse sobre todo en Madrid e Barcelona, aínda que tamén en actividades de servizos en áreas turísticas; os hispanoamericanos, ao compartiren un mesmo idioma cos españois, realizan actividades fronte ao público; traballan preferentemente no sector servizos. Os marroquís e subsaharianos están especialmente representados na construción e a agricultura; os europeos do leste están representados en moi variadas actividades; e os chineses dedícanse preferentemente ao comercio.

Efectos da inmigración

Os inmigrantes, co seu traballo, contribuíron de forma decisiva ao crecemento económico de España nos anos anteriores á crise económica. Ademais, **a chegada de estranxeiros freou o proceso de avellentamento da poboación**, xa que entre eles predominan os adultos novos e as súas taxas de natalidade son superiores ás da poboación española. Este feito é importante desde o punto de vista de mantemento do sistema de pensións e seguridade social: coa chegada masiva de inmigrantes prodúcese unha diminución da proporción de poboación dependente, e un aumento do número de contribuíntes. **Canto á integración social dos inmigrantes, a situación é moi diferente segundo os colectivos, pois algúns poden integrarse moito máis facilmente ca outros en función da súa lingua e a súa cultura**.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, unicamente catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: **cunca fluvial, landa, aluvión, cualificación do solo, agricultura ecolóxica, ecoturismo (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).**

Cunca fluvial: é o anaco de terreo que drena a un colector principal (río ou lago), limitado por unha liña de cumes ou divisoria de augas, liña desde a que as augas correntes flúen en direccións opostas, e que adoita coincidir cos niveis máis elevados de determinados sistemas montañosos.

Landa: formación vexetal de matogueira, característica da rexión eurosiberiana e como consecuencia da degradación do bosque mixto atlántico. Está formada por matogueiras como a xesta, o toxo e o breixo, podendo acadar os 3 m de altura. É característica da España húmida, asentándose sobre solos pobres e pouco aptos para o cultivo.

Aluvión: depósito de materiais detríticos, transportado e depositado de xeito transitorio ou permanentemente por unha corrente de auga. Habitualmente, está composto por areas, gravas, arxilas ou limos, acumulándose nas canles das correntes, nas chairas inundables e nos deltas.

Cualificación do solo: é a clasificación en categorías do solo urbano; faise en función do seu uso e establécese no Plan Xeral de Ordenación Urbana; esta pode ser: solo urbano, no que se inclúen os terreos xa urbanizados; solo urbanizable, que comprende os terreos que se queren desenvolver para o crecemento da cidade; e solo non urbanizable, que é o formado polos espazos que se dedicarán á produción agrícola ou á conservación da natureza.

Agricultura ecolóxica: sistema para cultivar unha explotación agrícola, baseado na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXMs) -nin para fertilizante nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos ecolóxicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio.

Criterios de Avaliación / Corrección

Ecoturismo: chamamos ecoturismo a unha tendencia do turismo alternativo, diferente ao turismo tradicional. Nestas actividades turísticas privilexiase a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o medio e a comunidade local, e mantendo sempre un respecto ético polas leis laborais e os dereitos humanos dos traballadores implicados.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Nomee seis comunidades autónomas polas que pasa o AVE segundo o documento (1 punto). O AVE, no mapa, atravesa as comunidades autónomas de **Madrid, Andalucía, Castela-León, Castela-A Mancha, Aragón e Cataluña.**

b) Comente o documento atendendo ás seguintes cuestións:

*** Identifique a figura e enumere as características da rede de transporte por estrada (1 punto).** A figura é un **mapa temático con división provincial** no que os símbolos representan elementos do transporte en España (estradas, ferrocarrís, portos e aeroportos); **tamén representa rutas de transporte** entre as cidades norteafricanas (Ceuta e Melilla) e a península ibérica. **Ten unha escala gráfica** adxunta.

A rede de transporte por estrada constitúe unha peza básica do conxunto do sistema de transportes. Pon en comunicación a totalidade dos núcleos de poboación do país, ao tempo que resulta imprescindible para acceder ao resto de infraestruturas de transportes (estacións de ferrocarril, aeroportos e portos).

É unha **rede claramente xerarquizada**, na que **a rede de estradas de grande capacidade está constituída por autoestradas e autovías**; ten un **carácter radial** -herdado da rede de estradas borbónicas implantadas no século XVIII-. Cando na década de 1960 se modernizou a rede de estradas para adaptala ao tráfico de vehículos e de camiións e ao desenvolvemento económico, consolidouse o modelo radial. Non obstante, **nos últimos anos privilexiáronse as rutas transversais**: Cantábrico, Ruta da Prata, Somport-Valencia. As **decisións políticas** -como a redacción do PEIT- teñen moito que ver ao respecto.

O resultado final é unha rede de estradas en forma de rede de malla, que conecta mellor as diversas rexións de España entre si e proporciona maior accesibilidade a países da contorna, especificamente Portugal e Francia. Se ben é certo que **boa parte das provincias occidentais, limítrofes con Portugal, viven aínda de costas á fronteira**, en parte por dificultades do relevo, e en grande medida polo abandono demográfico destas áreas.

*** Cite as zonas con menor densidade de autoestradas e autovías, e argumente os factores que motivan dita situación (1 punto).** Os principais corredores de tráfico correspóndense coas áreas de maior densidade urbana, industrial e turística: o corredor mediterráneo, o cantábrico, o eixe do Ebro, a costa galega e as estradas próximas a Madrid. A maior desenvolvemento económico, maior relevancia do transporte. Por contra, **as áreas rurais interiores** do Estado, as **de menor industrialización e núcleos de poboación máis pequenos** permanecen relativamente lonxe das vías de alta capacidade (autoestradas e autovías). O interior galego, parte de Castela e León, Extremadura, Huesca e Teruel son exemplos destas **áreas nas que o baixo desenvolvemento económico** ou unha **forte tendencia ao despoboamento** xustifican a distancia dos grandes corredores de transporte.

*** Indique as consecuencias económicas e medioambientais que producen os medios de transporte representados no litoral mediterráneo (1 punto).** A maior densificación da rede de transportes no **Mediterráneo coincide co incremento das actividades industriais e turísticas** nesta área ao longo do período posterior ao *desarrollismo*. A nivel económico prodúcese unha concentración de actividades de todo tipo (agrícola, industrial e turística) no eixo mediterráneo, que, á beira do eixo do val do Ebro, constitúe o **espazo de desenvolvemento principal da economía española**. A concentración de infraestruturas provoca unha **presión significativa sobre os espazos naturais**, que se ven reducidos **á par que se reducen algúns terreos agrícolas** ben feraces -o que obriga a cavar zonas de pendente máis afastadas da costa-. A concentración de portos produce tamén un impacto sobre o **deterioro da calidade das augas dun mar pechado como o Mediterráneo**, xa de por si afectado no conxunto por unha **alta concentración demográfica e industrial**.

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España”. a) Factores xeográficos: **latitude, situación, influencia do mar, relevo.** b) Factores termodinámicos: **en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frontes).**

a) Factores xeográficos:

Criterios de Avaliación / Corrección

- A latitude de España, situada na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.

- A situación da Península, entre dúas masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.

- A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberta ó mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa parte, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.

- O relevo inflúe no clima a causa da disposición, da altura e da orientación. Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir. A posición (oeste-leste) da maioría dos relevos montañosos favorece a entrada de masas de aire marítimo do oeste. O carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.

As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.

- A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente 6° por cada 1000 metros de ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, precipitacións “ocultas” (xeada e orballo) e precipitacións “horizontais” (producidas polas nubes).

- A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e aveseados. E diferenzas pluviométricas entre as abas de barlovento e sotavento.

b) Os factores termodinámicos:

- A circulación en altura: a corrente en chorro. Circula en dirección oeste-leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita. A súa velocidade e os seus desprazamentos estacionais inflúen no tempo en superficie.

A velocidade da corrente é variable. Cando circula rápido, presenta suaves ondulacións e ten un trazado case zonal, con suaves ondulacións, que corresponden en superficie coa fronte polar e as súas borrascas. Pero cando a súa velocidade diminúe, describe profundas ondulacións: cristas ou dorsais que orixinan altas presións e vales ou valgadas que orixinan baixas presións. Ambas reflíctense en superficie e dan lugar a anticiclóns e borrascas dinámicos. As ondulacións, que poden chegar a desprenderse do chorro principal, permítenlle ó aire polar penetrar moi ó sur, e ó aire tropical desprazarse cara ó norte, o que lle dá gran variabilidade ó tempo da zona temperada.

Os desprazamentos estacionais do chorro en latitude determinan que afecte a España principalmente en inverno, mentres que en verán se traslada cara a latitudes máis setentrionais e, polo xeral, só incide na franxa cantábrica peninsular.

- A circulación en superficie: centros de acción, masas de aire e fronte. A circulación atmosférica está dirixida polos centros de acción, polas masas de aire e polas fronte:

- Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. A presión atmosférica é o peso do aire sobre unha unidade de superficie. Mídese en milibares (mb) mediante o barómetro e represéntase nos mapas do tempo mediante as isóbaras ou liñas que unen puntos con igual presión. Nestes mapas, as isóbaras van de 4 en 4 mb. A presión normal é de 1013,5 mb, aínda que nos mapas do tempo adoite considerarse un valor de 1016 mb. Unha alta presión ou anticiclón é unha zona de altas presións rodeada por outras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa

Criterios de Avaliación / Corrección

presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis alta. Os ventos circulan ó seu redor en sentido contrario ó das agullas do reloxo. Produce tempo inestable, frecuentemente chuvioso.

Pola súa orixe, os centros de acción poden ser térmicos ou dinámicos: Un anticiclón térmico fórmase cando unha masa de aire arrefría: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión. Unha baixa térmica fórmase cando o aire se quenta: o aire quente pesa menos, elévase e exerce unha baixa presión.

Os centros de acción dinámicos fórmanse en determinadas zonas nas que en altura a corrente en chorro forma cristas (áreas anticiclónicas) ou valgadas (áreas depresionarias), que se reflicten en superficie.

Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son os seguintes:

Centros de acción anticiclónicos: o anticiclón das Azores, que no verán se despraza cara ó norte e no inverno cara ó sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo; e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando posicións de aire frío continental europeo chegan ó Mediterráneo, máis cálido e húmido; e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo quecemento do chan en verán.

- As masas de aire son porcións de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquirenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas rexións mananciais. Debido á latitude de España, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais secas (c).

- Estas características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. Unha masa de aire fría que descende en latitude, requéntase pola base e inestabilízase; pola contra, unha masa de aire cálida que ascende en latitude arrefríase pola base e estabilízase. Unha masa de aire orixinariamente seca que realiza un percorrido mariño, humedécese e inestabilízase; unha masa de aire orixinariamente húmida que realiza un percorrido continental, desécase e estabilízase.

- As fronteas son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. Polo tanto, a ambos os lados dunha fronte prodúcese un cambio brusco das propiedades do aire. A fonte máis importante para España é a fronte polar, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronteas, cálida e fría, separadas por un sector cálido. Como a fronte fría avanza máis rapidamente, o sector cálido estréitase ata desaparecer (oclusión). Con iso remata a enerxía da borrasca.

OPCIÓN B

1.- Defina nun máximo de cinco liñas, catro dos seguintes termos xeográficos, indicando algún exemplo en relación con España ou Galicia: maquis, ría, tectónica de placas, plan xeral de ordenación urbana (PXOU), enerxías renovables, economía somerxida (puntuación máxima 2 puntos; 0,5 por termo ben definido).

Maquis: é un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que acostuma refuxiarse sobre solos silíceos. Os érbedos, as xaras, as uces, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

Ría: val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes.

Criterios de Avaliación / Corrección

Tectónica de placas: teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU): instrumento de ordenación integral do territorio. Contén a clasificación do solo, definición dos elementos fundamentais da estrutura xeral do territorio (como poden ser fixar os espazos libres, de equipamento comunitario, os sistemas xerais de comunicación etc.), desenvolvemento, execución e a vixencia do plan. Adoita ser municipal, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

Energías renovables: son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

Economía somerxida: conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e as leis e normativas laborais, e que permiten a subsistencia dun sector máis ou menos amplo da poboación segundo os países.

2.- Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

a) Nomee cinco provincias nas que o número de incendios de tamaño maior ou igual a 1 hectárea sexa superior aos de menos de 1 hectárea (1 punto). As provincias nas que o número de incendios de tamaño maior ou igual a 1 ha é superior aos de menos dunha ha: **Asturias, Cantabria, León, Zamora, Burgos, Toledo, Cidade Real e Guipúscoa.**

b) Identifique o tipo de documento e indique as causas dos incendios (1 punto). A figura é un **mapa temático e con figuras de España con división provincial**, e no interior de cada unha delas represéntanse, mediante **histogramas**, unha información **sobre o número medio de incendios forestais por ano** -distribuídos entre aqueles que queimaron máis ou menos dunha ha de superficie- durante o período 1995-2005.

As **causas dos incendios forestais** poden ser **humanas** (intención delituosa de pirómanos, negligencias na queima de restrollos e mantemento de pastos...) **ou naturais**, como a caída de raios cando se producen as treboadas.

c) Explique as razóns dos valores que afectan a Galicia (1 punto). Galicia constitúe a **zona de España na que arde cada ano unha maior superficie, malia que o clima húmido sexa menos favorable ao lume.** Isto é debido a que **a meirande parte dos lumes son provocados.** Provócanse **para tratar de manter os pastos para o gando en áreas de montaña**, seguindo unha práctica tradicional que se poñía de relevo na antiga cava de estivadas. E detrás destas actitudes delituosas están ás veces os **intereses de sectores económicos coa finalidade de obter cambios nos usos do solo para poder construír.**

Hoxe en día, os riscos afectan en moitas ocasións a áreas poboadas que hai que desaloxar, dado que **o abandono das actividades no rural provocou un crecemento incontrolado da matogueira.**

Tamén os **cambios de uso do solo**, en especial **a repoboación forestal que moitas veces se ten feito con especies pirófilas** como eucaliptos, o que permite unha propagación máis cuantiosa dos lumes.

A **desatención ao coidado dos montes**, por estar en moitos deles en man común de veciños, tamén xustifica o desinterese polo coidado destes espazos, hoxe en día moi abandonados.

d) Expoña as consecuencias económicas e no medio natural dos incendios (1 punto). Os incendios forestais producen graves consecuencias económicas e no medio natural.

Os danos humanos e económicos máis relevantes inclúen ás veces **perdas humanas** -por morte de xente implicada no seu sufocamento -, **materiais** -casas, vehículos...-, **perdas na silvicultura** e **deterioro de redes de comunicacións** eléctricas, telefónicas..., entre outros.

En canto ás ambientais, á destrución da cuberta vexetal -cun **incremento do risco de erosión** do solo ao producirse as primeiras choivas torrenciais tras a queima- e a **perda de animais** que morren a consecuencia dos lumes, engádense as **alteracións no balance hídrico das cuncas fluviais nas que teñen lugar os devanditos incendios**, a **contaminación das augas polos restos dos incendios**, a **perda de especies animais**, **incluso no mar polo arrastre das cinzas e perda de osíxeno das augas.**

Criterios de Avaliación / Corrección

3.- Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Movementos naturais da poboación”. a) Natalidade, mortalidade e fecundidade no réxime demográfico actual. b) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.

O estudo dos movementos naturais da poboación presta atención aos fenómenos da fecundidade, a natalidade, a mortalidade xeral e a mortalidade infantil, e tamén a esperanza de vida. Os réximes demográficos diferencian tres etapas, que se coñecen como réxime demográfico antigo, transición demográfica e réxime demográfico moderno, atendendo á evolución das taxas de natalidade e mortalidade. España atópase actualmente na última destas etapas, que se estende desde finais dos anos 1970 ata os nosos días.

a) Natalidade, mortalidade e fecundidade no réxime demográfico actual. Desde comezos do século XX, a natalidade en España amosou unha tendencia descendente, que se intensificou a finais da década de 1970. Esta propensión á baixa situou a España, ao final do século XX, nun dos índices de fecundidade máis baixos de Europa. O descenso da natalidade fixo que o número de nados se achegase ao número de falecidos, o que se traduciu nun escaso crecemento natural da poboación. Á baixa natalidade houbo que lle sumar unha esperanza de vida cada vez máis prolongada, de xeito que se incrementou a porcentaxe de persoas con idades superiores aos 65 anos. Como consecuencia disto, a poboación española entrou nunha fase de avellentamento progresivo.

A partir do cambio de século, as estatísticas amosan unha repunta da natalidade, de maneira que no ano 2007 se situaba nun 11 por mil, a cifra máis alta rexistrada desde 1979. Este cambio de tendencia foi debido á chegada á idade fértil das mulleres nadas nos anos de forte crecemento demográfico, así como á chegada masiva de inmigrantes estranxeiros novos, atraídos polo crecemento da economía española.

Debido á crise económica diminuírá o número de inmigrantes, ao que hai que sumar a entrada de xeracións con menor número de mulleres nas idades máis fecundas. En consecuencia, hai unha redución das taxas de natalidade xeral.

As previsións do Instituto Nacional de Estatística indican que a poboación española podería chegar a un crecemento vexetativo que estará nuns niveis moi baixos a finais desta década, e coa probabilidade de seguir diminuíndo, polo que a diferenza entre o número de nacementos e o de defuncións tenderá a se igualar.

Ao longo do século XX, a mortalidade en España caeu debido ao importante descenso da mortalidade infantil e ao aumento da esperanza de vida. En 1900, a taxa de mortalidade era do 28,3%, mentres que na década de 1980 chegou a ser do 7,4 %. No entanto, a partir de 1985 rexistrouse un lixeiro aumento, debido ao progresivo avellentamento da poboación.

En 2007, a taxa de mortalidade era do 8,6%. A primeira causa de falecemento foron as enfermidades cardiovasculares, cunha maior incidencia na poboación masculina, a partir dos 45 anos. Entre os 15 e os 44 anos, o maior número de defuncións ocasionáronos os accidentes de tráfico e a SIDA. A poboación masculina é tamén a máis afectada. A incidencia destas causas de falecemento segue unha tendencia decrecente.

A taxa de mortalidade infantil en España é moi baixa: 3,5 por cada mil nados vivos en 2007, de maneira que se sitúa ao nivel dos países máis avanzados do mundo.

Ata hai pouco, o número de matrimonios por cada 1000 habitantes era un dato significativo porque gardaba relación directa coa natalidade, pero actualmente resulta un dato pouco fiable, dado o aumento de parellas de feito e de familias monoparentais.

A taxa media de fillos por muller, que no ano 2007 foi de 1,4, prevese que se sitúe no 1,5, pero aínda que as mulleres teñan máis fillos, a poboación non medrará porque haberá menos mulleres en idade de procrear. O que non semella que vaia cambiar é a idade media de maternidade, estabilizada, en 2007, ao redor dos 31 anos. Este atraso na maternidade, que antes se situaba nos 25 anos de media, débese, entre outras causas, á dificultade que representa ter fillos sen contar antes cunha situación laboral sólida. Para que unha poboación se manteña estable, é necesario que unha xeración sexa relevada pola seguinte. Esta substitución acádase cunha media de 2,1 fillos por muller. Nos últimos anos, a inmigración modificou a tendencia á baixa da natalidade, pero isto non garante a substitución xeracional.

b) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. Actualmente, todas as comunidades autónomas posúen baixas taxas de natalidade, de mortalidade e de crecemento natural. Non obstante, existen certos contrastes debidos á diferente estrutura por idades, é dicir, ao grao de xuventude ou envellecemento da poboación. Esta estrutura depende á súa vez de causas herdadas e actuais:

Criterios de Avaliación / Corrección

- As causas herdadas son o distinto comportamento tradicional da natalidade e as diferenzas de desenvolvemento económico, causantes das migracións. Estas aféctanlle principalmente á poboación nova e provocan o envellecemento das rexións emigratorias (onde descende a natalidade e aumenta a mortalidade) e o rexuvenecemento das inmigratorias. En España, as migracións tiveron lugar entre 1950 e 1975, desde as rexións agrarias do interior ás urbano-industriais. A crise de 1975 detivo estas migracións e afundi a natalidade nas rexións máis afectadas.

- As causas actuais son os novos factores de desenvolvemento económico a partir da crise e a inmigración estranxeira, que desde 1995 achega poboación nova e elevación da natalidade.

a) As comunidades autónomas con maior dinamismo demográfico contan, respecto á media española, con taxas de natalidade máis elevadas, taxas de mortalidade máis baixas e crecemento natural máis alto.

En xeral, presentan unha estrutura demográfica relativamente máis nova, causada por un comportamento tradicional máis natalista (Andalucía, Murcia e as cidades de Ceuta e Melilla), por ser foco de inmigración interna en épocas pasadas (Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana, Baleares), ou por recibir unha forte inmigración estranxeira desde a década de 1990 (todas elas).

As excepcións neste grupo son Canarias, onde a favorable estrutura por idades compensa a baixa natalidade, e Navarra, onde a desfavorable estrutura por idades se compensa cunha natalidade relativamente máis alta.

b) As comunidades autónomas en declive demográfico teñen, respecto á media española, taxas de natalidade máis baixas, taxas de mortalidade máis altas e crecemento natural máis baixo, negativo en moitos casos.

Presentan unha estrutura demográfica fortemente envellecida, por sufrir unha intensa emigración en épocas pasadas (Galicia e as comunidades do interior peninsular); pola prolongada incidencia da crise industrial de 1975 (rexións de antiga tradición industrial da cornixa cantábrica), e por contar na actualidade con menor inmigración estranxeira.